ACTUACIÓN PARA RESOLVER AS DEFICIENCIAS DE COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL NO RURAL DE GALICIA

FAQs

Data de elaboración do informe 20-12-2019

FAQs do procedemento:

¿Poden todos os concellos optar a estas axudas?

Si, calquera concello pode participar nesta actuación identificando zonas nas que teña constatadas carencias e aportando terreos para instalar torres.

A decisión final de que entidades entran no proxecto dependerá da verificación das carencias e a existencia de situacións válidas para poder dotalas de cobertura.

¿Cal é o procedemento para adherirse a este proxecto?

Os concellos interesados deberán poñerse en contacto coa Fegamp para facilitar información das entidades de poboación con deficiencias e as parcelas que se poñen a disposición do proxecto, e formalizar este interese coa presentación dunha solicitude de adhesión ao Convenio.

Unha vez se realicen as verificacións oportunas e se concrete que entidades de poboación poden ser obxecto destas axudas, se realizará a firma dunha addenda ao Convenio por parte de cada concello interesado.

¿Que ten que poñer o concello?

O concello, ademáis de identificar as zonas con carencias, debe aportar terreos para instalar as torres e asumir a execución das acometidas eléctricas. En todo caso, para as acometidas poderase optar a axudas de ata 30.000€ por acometida.

¿Quen instala as torres?

A Xunta de Galicia será a encargada de montar as torres precisas, a través de Retegal.

¿Se pode escoller operador?

Non, unha vez seleccionadas as zonas obxectivo, porase en marcha un programa de axudas a operadores para dotar estas zonas de cobertura. Será un programa aberto, en concorrencia competitiva, polo que non se coñece a priori nin operador nin zonas que finalmente se cubrirán.

¿Todas as poboacións que se propoñan van a ser obxecto das axudas?

Non. É preciso verificar previamente que efectivamente se trata de zonas sen cobertura de ningún dos operadores, e tamén a existencia de parcelas válidas para construír as torres e dotalas de cobertura. Se non se cumpren estes dous termos, non poderán ser zonas obxectivo das axudas.

¿Vanse cubrir todas as poboacións obxectivo? ¿Quen decide que poboacións se cubren?

Se convocarán axudas a operadores por parte da Amtega, que terán como obxectivo o conxunto de entidades de poboación consideradas no proxecto. As entidades que se cubran dependerá das propostas dos operadores.

FAQs das parcelas:

¿É preciso aportar terreos para montar as torres?

Si, se non se conseguen terreos válidos para instalar as torres que poidan dar cobertura a esas entidades de poboación, non poderán ser obxecto das axudas.

¿Os terreos teñen que ser do concello?

Non é preciso, pero ten que haber un compromiso de cedelos durante 15 anos á Xunta de Galicia para a construción das torres. O concello pode chegar a acordos con Comunidades de Montes ou particulares para esta cesión de terreos, pero en todo caso esa negociación ten que facerse por parte do concello, que será o que deberá comprometerse á súa cesión perante a Xunta de Galicia.

¿De qué tamaño teñen que ser as parcelas?

Dependerá en cada caso do equipamento que sexa preciso, pero en xeral un espazo de 10m2 podería ser suficiente.

¿Cómo selecciono as parcelas válidas?

Sobre as parcelas que se propoñan se realizará un estudo para determinar cales poden valer ou non. A priori, deberíanse propoñer parcelas próximas ás poboacións con problemas de cobertura, dende as que se teña visibilidade das vivendas e que non estean moi afastadas dos tendidos eléctricos.

FAQs das deficiencias de cobertura:

¿Qué é unha zona con carencias e cómo se identifica?

Unha zona con carencias é unha entidade de poboación na que non he posible realizar chamadas de móbil con ningún operador no exterior das vivendas.

É preciso identificalas co seu código ine de 9 díxitos (ESP), o que comunmente se chama “Lugar”.

¿Podo dicir que teño problemas en todo o concello ou en toda unha parroquia?

Non, téñense que identificar os problemas entidade a entidade (ESPs).

Vanse realizar verificacións da cobertura e consultas a operadores de todas as zonas antes de incluílas como obxectivo (requisito para non actuar en zonas que alteren o mercado), polo que se se identifican zonas moi amplas, se corre o risco de que non entren porque do resultado das verificacións de cobertura se conclúa que hai zonas cubertas.

Por outra banda, o presuposto é limitado, e o feito de pedir moitas entidades de poboación por

parte dos concellos nas que non existan os problemas de cobertura descritos, vai supoñer un importante incremento nos custos de execución (menos cartos quedarán para as axudas) e no tempo de elaboración da zona obxectivo, sen que iso vaia en beneficio de ninguén, polo que sería recomendable que as reclamacións que se trasladen dos concellos sexan o máis concretas posibles.

FAQs outras:

¿Que gastos vai ter o concello?

O concello ten que asumir a cesión dos terreos precisos a Retegal, para a construción das torres, e a acometida eléctrica a eses terreos. Para as acometidas poderase optar a axudas de ata 30.000€ por acometida.

O resto de gastos serán asumidos pola Xunta e os operadores adxudicatarios das axudas.